

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5.<sup>a</sup>, SANIDADE,  
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 20.09.2017      Hora: 10:30

A Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 20 de setembro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1.    Proposicións non de lei**

- 1.1           4120 (10/PNC-000385)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis  
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para reiniciar a negociación das condicións de traballo e salariais do persoal do Sergas  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 57, do 01.02.2017*
- 1.2           6105 (10/PNC-000606)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prevención e tratamento da doenza do linfedema no Sergas, así como a modificación da normativa vixente no referido á valoración e ao baremo para a concesión de graos de discapacidade aos doentes afectados  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 83, do 15.03.2017*
- 1.3           6126 (10/PNC-000607)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 12 máis  
Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa negociación dun acordo marco referido á estrutura e aos contidos da negociación colectiva de Galicia, así como aquelas iniciativas empresariais e sindicais conxuntas na materia que redunden na súa mellora, dentro dos marcos legal e convencional galegos de relacións laborais  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 83, do 15.03.2017*
- 1.4           9344 (10/PNC-000977)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis  
Sobre o impulso polo Goberno galego do proxecto de construción do Centro de Alta Resolución de Lalín, así como a reposición das prazas amortizadas por xubilación e a posta en marcha dos servizos de Hado e Hemodiálise nesa vila  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 120, do 31.05.2017*
- 1.5           10702 (10/PNC-001115)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación  
coa organización de 28 campos de traballo de verán anunciados nas catro  
provincias galegas para impulsar a dinamización xuvenil, ao abeiro da  
campaña de verán 2017 da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e  
Voluntariado titulada "O teu verán colle nunha mochila"  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 136, do 28.06.2017*

- 1.6            11218 (10/PNC-001168)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Solla Fernández, Eva e Vázquez Verao, Paula  
Sobre a atención polo Goberno galego das demandas de persoal de  
enfermaría, auxiliar e celador existentes no Hospital Comarcal de Monforte  
de Lemos, así como a realización das reformas necesarias para adaptar o  
mobiliario do centro ás necesidades do persoal e das persoas usuarias  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 140, do 05.07.2017*
- 1.7            12301 (10/PNC-001197)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Vázquez Verao, Paula e Solla Fernández, Eva  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia tendentes á  
cobertura dos servizos pediátricos na comarca de Chantada e na Área  
Sanitaria de Monforte  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 149, do 20.07.2017*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non  
de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do  
Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez  
Presidenta da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5.ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

## Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 20.09.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 20.09.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 4120(10/PNC-000385)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para reiniciar a negociación das condicións de traballo e salariais do persoal do Sergas

*Publicación da iniciativa, 57, 01.02.2017*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/01/2017 17:28**  
**Nº Rexistro: 4120**  
Data envío: 26/01/2017 17:28:41.883

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa á recuperación dos acordos de mellora de condicións de traballo e salariais do persoal do Sergas.

O sangrado do sistema sanitario público de Galiza é unha constante, é a folla de ruta do PP á fronte do Goberno galego. Dentro deste sangrado os profesionais son dos principais damnificados por unha política de persoal que maltrata ao persoal fixo e que maltrata ao persoal contratado.

Se estamos na senda da recuperación económica, e froito disto o Presidente da Xunta decreta para el, e para os altos cargos do seu goberno un incremento salarial do 7.5% e do 7% respectivamente; non pode seguir conxelando as retribucións do persoal indefinidamente, nin a mellora das súas condicións laborais.

É precisa a reposición de todos os dereitos laborais, económicos e sociais que durante estes anos lle foron eliminados aos traballadores e traballadoras do sistema sanitario público de Galiza.

É evidente que coa recuperación das dúas pagas extraordinarias neste ano 2017 non queda saldada a débeda que a Xunta do PP ten c@s traballadores/as.

A recuperación dos acordos non é un incremento salarial, senón respectar o dereito das/os traballadoras/es da Sanidade Pública a recuperar os salarios detraídos



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/01/2017 17:28**  
**Nº Rexistro: 4120**  
Data envío: 26/01/2017 17:28:41.883

nestes anos. Xa que estes salarios son froito da negociación colectiva na Mesa Sectorial, e coma tales acordos teñen carácter de norma.

Coa excusa da crise a Consellaría de Sanidade, dun xeito unilateral, deixou en suspenso a aplicación dos acordos asinados aos que se chegara en canto a melloras retributivas e nas condicións de traballo.

Por as razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a que de inmediato, se inicie na Mesa Sectorial do Sergas a negociación da recuperación dos acordos de mellora de condicións de traballo e salariais, conxelados desde o ano 2010.”

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/01/2017 17:28**  
**Nº Rexistro: 4120**  
Data envío: 26/01/2017 17:28:41.883

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 26/01/2017 17:24:33**

**Olalla Rodil Fernández na data 26/01/2017 17:24:38**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 26/01/2017 17:24:43**

**Noa Presas Bergantiños na data 26/01/2017 17:24:47**

**Xosé Luis Bará Torres na data 26/01/2017 17:24:50**

**Ana Pontón Mondelo na data 26/01/2017 17:24:53**

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 20.09.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.2 6105(10/PNC-000606)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prevención e tratamento da doenza do linfedema no Sergas, así como a modificación da normativa vixente no referido á valoración e ao baremo para a concesión de graos de discapacidade aos doentes afectados

*Publicación da iniciativa, 83, 15.03.2017*



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

### Exposición de motivos

O sistema linfático forma parte do sistema circulatorio e traballa de forma conxunta e paralela co sistema sanguíneo. O sistema linfático cumpre varias funcións básicas, pero sobre todo contribúe principalmente a formar e activar o sistema inmunitario.

O linfedema é un problema médico consistente na acumulación de líquido linfático no tecido blando adiposo debaixo da pel, que se produce fundamentalmente en brazos e pernas, podendo afectar tamén a órganos internos, xenitais ou incluso a todo o corpo. O linfedema prodúcese pola obstrución do sistema linfático, que forma parte do sistema inmunitario do corpo humano. Dende un punto de vista etiolóxico o linfedema pode ser primario (hereditario ou ben aparecer sen causa aparente) ou secundario debido á lesións, obstrución ou dano do sistema linfático (cirurxía oncolóxica, radioterapia, traumatismos e queimaduras, parálise, insuficiencia venosa crónica, etc ...).

O linfedema está considerada unha enfermidade rara, pola súa taxa de incidencia coñecida, pero algúns estudos estiman que a poboación con posible afectación en Galicia podería chegar aos 100.000 casos.

O seu baixo nivel de coñecemento, así como as limitadas ou inexistentes liñas de investigación que afronta esta enfermidade, impiden afrontala con plenas garantías dende o sistema de saúde, o que provoca problemas á hora da súa detección, diagnose e tratamento. No referente á detección, falta de información e formación respecto das enfermidades de baixa incidencia ou pouco coñecidas, resulta un problema tamén para asociar á sintomatoloxía, e produce problemas de tratamentos sobre as doenzas, que non se

corresponden de maneira precisa ás necesidades dos/as pacientes. Unha cuestión semellante ocorre coa diagnose, xa que ao non existir clara información e formación sobre a enfermidade, en varias ocasións non se realizan derivacións aos especialistas nin as probas específicas recomendadas polos expertos, como poden ser a Eco Doppler ou a Linfogammagrafía, que ademais se realizan con demoras excesivas pola saturación das listas de espera do Sergas. A estes efectos hai que destacar, que aínda que existen algúns centros hospitalarios do Sergas con servizos nomeados Unidades de Linfedema, estas non son reais nin funcionan como tales, xa que o tratamento e seguimento desta enfermidade se debe tratar en Unidades de Linfedema Multidisciplinares, con profesionais de diferentes áreas, como dermatoloxía, medicina interna, cirurxía vascular, pediatría, etc, ademais dos propios do servizos de rehabilitación, onde ademais, deben existir protocolos específicos sobre o tratamento desta enfermidade, tendo en conta que é de tipo crónico e progresivo, e polo tanto require dun tratamento de mantemento regular e revisións periódicas ao longo de toda a vida.

O tratamento aceptado a nivel internacional (International Society of Lymphology) é o tratamento conservador denominado Terapia Desconxectiva Complexa que consta de:

- Drenaxe Linfático Manual
- Vendaxes Multicapas
- Presoterapia (opcional)
- Prendas de compresión

O tratamento de fisioterapia precisa de coñecementos específicos do/as profesionais, xa que só eles poden realizar este tratamento e en moitos casos por falta de persoal nos servizos de rehabilitación, non se da de maneira completa, ou se da nun reducido número de pacientes, o que satura os recursos de fisioterapia dos centros e impide un tratamento axeitado por prazos das citas, obrigando aos/ás pacientes a recorrer a medios privados.

No que respecta ás prendas de compresión, estas son parte integral do tratamento, e imprescindible para reter a súa progresión. Os/As pacientes necesitan e deben ter acceso por igual a estas prestacións, sen



discriminación por cuestión de xénero, idade, procedencia ou localización do linfedema, como está a suceder na actualidade nos servizos de rehabilitación, especificado dentro do Catálogo Ortoprotésico. Dado que as prendas de compresión son parte esencial do tratamento, para reter a súa progresión, estas deben considerarse como o seu medicamento e incluírse, polo tanto, no marco de medicamentos con achega reducida, especificado para as enfermidades crónicas e progresivas. Na actualidade se receitan dúas prendas ano, pero hai pacientes que atopan problemas no seu acceso, recambio ou ben para afrontar a contía fixa que se debe pagar por elas.

O linfedema, como resultado dunha deficiencia permanente do sistema linfático, pode producir limitacións físicas e ser moi discapacitante. A discapacidade no caso de Linfedema é dobre, por un lado implica unha Discapacidade Orgánica polo fallo do sistema linfático, e por outro lado produce Discapacidade Física, polo déficit funcional producido polo conseqüente edema crónico. Un Linfedema de larga evolución e sen tratamento pode derivar en complicacións de extrema gravidade, como a Elefantiasis ou derivacións malignas como o Linfangiosarcoma. Os efectos que produce a enfermidade do linfedema nas persoas son diversos, e depende da gravidade da mesma. Na maioría dos casos a alteración vital é relevante, principalmente pola atención permanente necesaria cos cuidados persoais, e os tratamentos terapéuticos para aliviar as grandes molestias producidas pola inflamación permanente e progresiva. Esta enfermidade pode chegar a ser moi incapacitante e dar lugar a graves problemas no eido persoal, familiar e social. No eido laboral as persoas afectadas de membros inferiores necesitan descansos habituais, evitando estar moito tempo de pé ou sentados para evitar o empeoramento da condición, e en o caso de linfedema de membros superiores, aféctalles no desenvolvemento de certos traballos que requiran de actividade constante e a collida de pesos. A pesares disto, o recoñecemento das incapacidades laborais por cuestións médicas apenas teñen en conta estes efectos, e os/as pacientes con linfedema vense afectados/as por esta situación por verse diminuída a súa capacidade laboral, sen que a nivel normativo iso estea correctamente recoñecido.



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 06/03/2017 16:30  
Nº Rexistro: 6105  
Data envío: 06/03/2017 14:19:04.804



Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Fomentar a formación en detección e tratamento do linfedema aos e ás profesionais do Sergas para facilitar a atencións aos enfermos/enfermas.
2. Traballar na creación de unidades de Linfedema multidisciplinares nos centros hospitalarios da rede Sergas.
3. Ampliar, de maneira específica, o número de fisioterapeutas do Sergas, considerando a necesidade de que se aumente o número deles formados en tratamento de linfedema, para poder mellorar a atención prestada aos enfermos/enfermas.
4. Corrixir as discriminacións no catálogo ortoprotésico entre os enfermos/enfermas que sofren linfedema en membros superiores e inferiores.
5. Que se corrixa a presente normativa vixente en canto á valoración e baremo para a concesión de grados de discapacidade para os enfermos/enfermas de linfedema.

Pazo do Parlamento, 6 de marzo de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 06/03/2017 14:16:01**

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/03/2017 16:30**  
**Nº Rexistro: 6105**

Data envío: 06/03/2017 14:19:04.804



---

 Grupo Parlamentario

**Noela Blanco Rodríguez na data 06/03/2017 14:16:07**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/03/2017 14:16:11**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 20.09.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.3 6126(10/PNC-000607)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 12 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa negociación dun acordo marco referido á estrutura e aos contidos da negociación colectiva de Galicia, así como aquelas iniciativas empresariais e sindicais conxuntas na materia que redunden na súa mellora, dentro dos marcos legal e convencional galegos de relacións laborais

*Publicación da iniciativa, 83, 15.03.2017*



### **A Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel Tellado Filgueira, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Cristina Romero Fernández, Isabel Novo Fariña, Marta Nóvoa Igreisas, Sandra Vázquez Domínguez, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez e Soraya Salorio Porral**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

### **Exposición de motivos**

Para poder avanzar cara un emprego estable e de calidade, faise necesario desenvolver como base unhas relacións laborais sólidas que permitan crear as condicións axeitadas no contorno empresarial e laboral galego, atendendo especialmente ás necesidades daqueles colectivos con maiores dificultades para o acceso ao emprego e en risco de exclusión e impulsando a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Neste escenario, e partindo do respecto á autonomía e independencia das mesas negociadoras para a súa autoorganización, cómpre prestar unha especial atención á atomización, dispersión e merma da calidade nos contidos dos convenios colectivos, tanto sectoriais como de empresa, co propósito de animar ás organizacións empresariais e sindicais a adopción das medidas necesarias para avanzar nos procesos negociadores e convenios colectivos, conscientes da importancia das relacións laborais como elemento vertebrador do crecemento económico dun país e da súa contribución á paz social, á mellora do emprego e á cohesión social.

A negociación colectiva constitúe un eixo central das relacións laborais e, polo tanto,

incide dun xeito capital na creación e consolidación ou ampliación de proxectos e iniciativas empresariais e na creación e mellora do emprego, chegando a realidades empresariais e sectoriais ás que non pode chegar a xeneralidade da lei. Así pois, amósase como un instrumento de paz social de primeira orde en tanto que xoga un papel clave na garantía e mellora de dereitos das persoas traballadoras.

Sendo unha institución bipartita de empresas ou asociacións empresariais e representantes das persoas traballadoras ou sindicatos, o Grupo Parlamentario Popular presenta esta proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia acorda:

1. Manifestar a necesidade de impulsar e instar ás organizacións sindicais e empresariais mais representativas de Galicia a negociar un acordo marco sobre a estrutura e contidos da negociación colectiva en Galicia que contribúa a unha maior axilidade e mellora dos contidos dos convenios colectivos, utilizando os mecanismos que o Consello Galego de Relacións Laborais pon a disposición das mesas negociadoras de convenios colectivos, de acordos marco ou de solución extraxudicial de conflitos.
2. Mostrar o seu apoio a todas aquelas iniciativas conxuntas empresariais e sindicais nesta materia, que redunden nunha mellor negociación colectiva dentro do marco legal e dentro do marco convencional galego de relacións laborais.
3. Dar traslado deste pronunciamento ás organizacións empresariais e sindicais máis representativas actúantes en Galicia, así como ao Consello Galego de Relacións Laborais”.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2017



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 06/03/2017 17:04  
Nº Rexistro: 6126  
Data envío: 06/03/2017 17:04:10.991**

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 06/03/2017 16:58:08**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 06/03/2017 16:58:18**

**María Antón Vilasánchez na data 06/03/2017 16:58:35**

**Moisés Blanco Paradelo na data 06/03/2017 16:58:53**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 06/03/2017 16:59:01**

**María Isabel Novo Fariña na data 06/03/2017 16:59:10**

**Marta Novoa Iglesias na data 06/03/2017 16:59:26**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 06/03/2017 16:59:34**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 06/03/2017 16:59:44**

**Marta Rodríguez Arias na data 06/03/2017 16:59:54**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 06/03/2017 17:00:04**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 06/03/2017 17:00:15**

**María Ángeles García Míguez na data 06/03/2017 17:00:23**

**María Soraya Salorio Porral na data 06/03/2017 17:00:37**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
[www.ppdeg Galicia.com](http://www.ppdeg Galicia.com)

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 20.09.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.4 9344(10/PNC-000977)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o impulso polo Goberno galego do proxecto de construción do Centro de Alta Resolución de Lalín, así como a reposición das prazas amortizadas por xubilación e a posta en marcha dos servizos de Hado e Hemodiálise nesa vila

*Publicación da iniciativa, 120, 31.05.2017*



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/05/2017 11:37  
Nº Rexistro: 9344  
Data envío: 22/05/2017 11:37:02.001

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

O 31 de xaneiro de 2011 o Concello de Lalín asinou co Servizo Galego de Saúde (SERGAS) un convenio para a construción en Lalín dun Centro de Alta Resolución (CAR), Centro de Saúde e Punto de Atención Continuada (PAC).

Nese acordo establecíase a obriga por parte do concello de Lalín de poñer a disposición da Xunta de Galiza os terreos necesarios, e a obriga de SERGAS de levar a cabo a construción dos referidos centos no marco do Plan de Modernización das Infraestruturas Sanitarias 2010-2013. Ademais, establecíase a creación dunha comisión de seguimento que nunca chegou a constituírse.

En cumprimento do citado convenio, o concello de Lalín tramitou a adquisición dos terreos que finalmente tiveron un custo de 355.874,25 euros.

O 24 de febreiro de 2015, cando faltaban tres meses para as eleccións municipais, o concello de Lalín asinaba un novo documento denominado “Protocolo de colaboración” co obxectivo de poñer as bases para o estudo de viabilidade dun CAR en Lalín. Neste documento xa non se incluíu o novo centro de saúde e o novo PAC.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/05/2017 11:37**  
**Nº Rexistro: 9344**  
Data envío: 22/05/2017 11:37:02.001

Este protocolo establecía unha programación e a creación dun grupo de traballo que nunca foi constituído a pesar de que o actual goberno de Lalín solicitouno vía mocións e mediante entrevista co conselleiro de sanidade.

Hai aproximadamente un ano o alcalde de Lalín e o concelleiro de saúde reuníronse co conselleiro de Sanidade, quen lles transmitiu avances para a definición do CAR e comprometeuse a manter unha nova xuntanza no prazo de dous meses para trasladar os resultados dos estudos da consellaría.

Ao mesmo tempo, membros do grupo municipal do PP de Lalín reuníanse co conselleiro e anunciaban a inminente redacción dun estudo de viabilidade do CAR, melloras no servizo de Pediatría, a posta en marcha de Hemodiálise e HADO, anuncios que nunca chegaron a materializarse.

En lugar de poñer en marcha estas anunciadas melloras, a realidade é que a consellaría de sanidade da Xunta de Galiza está a reducir as prestacións e o persoal sanitario coa amortización de prazos de médicos e enfermeiros/as e a redución do número de especialistas. E malia o desembolso realizado polo concello para a adquisición dos terreos, segue sen dar pasos adiante no tantas veces comprometido CAR.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a

1. Impulsar o proxecto do Centro de Alta Resolución de Lalín, establecendo prazos e datas veraces para a súa construción.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/05/2017 11:37**  
**Nº Rexistro: 9344**  
Data envío: 22/05/2017 11:37:02.001

2. Repoñer as prazas amortizadas por xubilacións e poñer en marcha os servizos de HADO e Hemodiálise en Lalín.”

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 22/05/2017 11:18:58**

**Olalla Rodil Fernández na data 22/05/2017 11:19:03**

**María Montserrat Prado Cores na data 22/05/2017 11:19:08**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 22/05/2017 11:19:12**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/05/2017 11:37**  
**Nº Rexistro: 9344**  
Data envío: 22/05/2017 11:37:02.001

**Noa Presas Bergantiños na data 22/05/2017 11:19:13**

**Ana Pontón Mondelo na data 22/05/2017 11:19:20**



**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 20.09.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.5 10702(10/PNC-001115)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa organización de 28 campos de traballo de verán anunciados nas catro provincias galegas para impulsar a dinamización xuvenil, ao abeiro da campaña de verán 2017 da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado titulada "O teu verán colle nunha mochila"

*Publicación da iniciativa, 136, 28.06.2017*



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, María Dolores Toja Suárez, Noela Blanco Rodríguez e Patricia Vilán Lorenzo, e dos seus deputados, Juan Manuel Díaz Villoslada e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

A Xunta de Galicia acaba de anunciar a organización de 28 campos de traballo de verán nas catro provincias galegas para impulsar a dinamización xuvenil, ao abeiro da campaña verán 2017 da Xunta de Galicia que organiza a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado baixo a lenda “O teu verán colle unha mochila”.

Preséntase esta iniciativa como unha ferramenta de educación non formal de mozos e mozas de entre 18 e 30 anos, así como unha ferramenta de dinamización da vida xuvenil nos concellos galegos onde teñen lugar.

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, a través deste programa “Campos de traballo”, establece como obxectivo facilitar que os mozos e mozas participantes leven a cabo, segundo a temática do campo: ambiental, patrimonial, arqueolóxica, social, etc; traballos diversos, como labores de conservación ambiental: limpeza de maleza e recollida de lixo, prevención de incendios e rexeneración de áreas queimadas, acondicionamento de camiños; protección da paisaxe tradicional e conservación de especies autóctonas; traballos de bioconstrución, recuperación de muíños e outros elementos da arquitectura popular, recuperación de rutas, con labores de sinalización, limpeza, dinamización e fomento do turismo ambiental; identificación de flora e fauna, traballos de arqueoloxía, limpeza, escavación, debuxo arqueolóxico, singlado; actividades de voluntariado social con persoas discapacitadas, maiores, etc; todas elas, tarefas que sen dúbida teñen unha incidencia e beneficios directos no contorno local no que se desenvolven as actividades, ademais de contribuír ao enriquecemento persoal dos mozos e mozas participantes.

O 12 de xuño tivo lugar a sinatura de convenios entre o conselleiro de Política Social e oito concellos da provincia da Coruña, polo que está pendente a sinatura co resto dos concellos das outras tres provincias galegas.



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/06/2017 13:21  
Nº Rexistro: 10702  
Data envío: 20/06/2017 13:21:10.688



**Grupo Parlamentario**

Á vista destes datos, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

1º) Elaboren unhas bases públicas co fin de que todos os concellos galegos poidan acceder en igualdade de condicións para a organización no seu territorio de campos de traballo.

2º) Incremente a partida orzamentaria dedicada á organización de campos de traballo co fin de que poidan acceder máis concellos a estas actividades.

Pazo do Parlamento, 19 de xuño de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/06/2017 13:15:03**

**María Dolores Toja Suárez na data 20/06/2017 13:15:12**

**Noela Blanco Rodríguez na data 20/06/2017 13:15:41**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 20/06/2017 13:15:51**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 20/06/2017 13:15:59**

**Julio Torrado Quintela na data 20/06/2017 13:16:10**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/06/2017 13:16:20**

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 20.09.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.6 11218(10/PNC-001168)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva e Vázquez Verao, Paula

Sobre a atención polo Goberno galego das demandas de persoal de enfermaría, auxiliar e celador existentes no Hospital Comarcal de Monforte de Lemos, así como a realización das reformas necesarias para adaptar o mobiliario do centro ás necesidades do persoal e das persoas usuarias

*Publicación da iniciativa, 140, 05.07.2017*

Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández e Paula Vázquez Verao**, deputadas do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.<sup>a</sup>**.

Exposición de motivos

A finais de maio deste ano, traballadoras e traballadores do Hospital Comarcal de Monforte de Lemos dirixiron un escrito á dirección do hospital, onde solicitaban un aumento de persoal, principalmente de enfermería, auxiliar e celador/a.

As traballadoras e traballadores denuncia que ante os recortes de persoal, a carga de traballo que asimilan está a producir sobre esforzos coas consecuencias de lesións, motivado principalmente polo envellecemento da poboación e pola creación de centros de persoas dependentes na área sanitaria á que presta Servizo o Hospital de Monforte.

Ademais, a falta de persoal provoca unha saturación de traballo que obriga ás e os profesionais a priorizar tarefas pola imposibilidade de atender a todas. Sinalan por exemplo, que non poden poden levantar pola mañá, a pacientes encamados, coa consecuencia de aparición de úlceras por presión.

Neste sentido, lembran que o envellecemento da poboación, provoca que moitas das persoas que atenden, sexan dependentes en canto a mobilidade e realización de actividades vitais, ao que tampouco axuda a falta de renovación da totalidade do mobiliario do hospital como poden ser os baños do mesmo.

Esta situación, que si ben é certo que se atopa agravada polo envellecemento da poboación da zona, responde a unha política de recortes dirixida polo goberno do Partido Popular e que repercute directamente na calidade e atención das persoas



doentes e como nos dereitos laborais do persoal sanitario, como ben denuncian as traballadoras e traballadores do Hospital de Monforte.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- **Solucionar de xeito urxente a demanda de persoal en relación aos postos de enfermería, auxiliar e celador/a.**
- **Levar a cabo as reformas necesarias para adaptar o mobiliario do hospital ás necesidades tanto do persoal como das usuarias e usuarios.**

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Voceiro do G.P. de En Marea.

Deputadas do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 29/06/2017 17:52:19**

**Paula Vázquez Verao na data 29/06/2017 17:52:25**



**Luis Villares Naveira na data 29/06/2017 17:52:35**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 29/06/2017 17:53**  
**Nº Rexistro: 11218**  
Data envío: 29/06/2017 17:53:11.659

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 20.09.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.7 12301(10/PNC-001197)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia tendentes á cobertura dos servizos pediátricos na comarca de Chantada e na Área Sanitaria de Monforte

*Publicación da iniciativa, 149, 20.07.2017*



## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentar de En Marea**, por iniciativa das súas deputadas **Paula Vázquez Verao** e **Eva Solla Fernández** e do seu deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.<sup>a</sup>**, relativa á cobertura dos servizos pediátricos na comarca de Chantada

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro de saúde de Chantada conta cunha praza de pediatría que presta servizo ás e aos menores dos concellos de Chantada e Carballedo, cuns 850 nenos e nenas en idade pediátrica.

Recentemente, este centro de saúde de Chantada quedou sen servizo de Pediatría, dado que a médica de familia que se ocupaba desta área – substituíndo á profesional que ten esta praza en propiedade e que se atopa de baixa – foi trasladada a outro destino.

Resultado desta situación, en principio, tanto as urxencias pediátricas coma as consultas terán que ser atendidas polo resto de persoal médico do centro de saúde de Chantada e polo Hospital de Monforte.

Con motivo da mobilización social, o SERGAS respondeu co anuncio da cobertura do servizo de pediatría en Chantada por dous días á semana, durante os meses de xullo, agosto e setembro de 2017. Estes días serán cubertos por unha das persoas profesionais de pediatría do Hospital de Monforte.

Esta solución, que supón un parche na comarca de Chantada a costa de reducir servizos na comarca de Lemos – xa deficitaria en atención pediátrica – é rexeitada pola cidadanía, que reclama unha solución global á falta de profesionais de pediatría no sur da provincia de Lugo.

Esta situación que se produce na comarca de Chantada non é nova, xa que non se cobren as vacacións da pediatra titular, deixando o centro sen servizo e adiando as revisións. A resposta dada polo SERGAS ás queixas por esta circunstancia o pasado inverno fora que “dada a falta de substitutos da especialidade de pediatría” e “ao non dispoñer de médicos de familia da lista de contratación”, adoptouse a “solución” de que “a patoloxía aguda dos nenos da comarca sexa asumida polos médicos de familia de cupo”, tendo como “referencia para calquera dúbida” a Pediatría do Hospital de Monforte. Para os programas de seguimento de nenos e nenas sans, indicouse que se programarían cando se reincorporara a pediatra ao centro de saúde de Chantada.

A solución de recorrer a profesionais do Hospital de Monforte supón agravar os problemas de saturación laboral do persoal de pediatría, do cal cobren as baixas.

Unha queixa ante a Valeduría do Pobo motivou un expediente desta institución no que se sinalaba que, segundo a Consellería de Sanidade, “é previsible que, como consecuencia do próximo remate da formación dos novos médicos residentes na especialidade de pediatría e a resolución do concurso de traslados” e poda ter unha “relación de titulados en pediatría que permita dar cobertura máis inmediata a esta situación”.

Ademais, ao centro de saúde de Chantada a matrona só consulta un día á semana.



Múltiples comarcas galegas padecen a carencia de servizo de pediatría, ben por excesiva ratio de tarxetas por profesional, ben polo afastamento do centro onde atende a profesional de referencia, feitos agravados pola non reposición de prazas cando as profesionais se atopan de baixa. Isto sucede, fundamentalmente, na provincia de Lugo, na área da Montaña lucense, no sur de Lugo e na Mariña. A falta de servizo de pediatría no rural galego é unha constante, converténdose o déficit deste servizo básico nun factor máis que acentúa a tendencia demográfica regresiva.

Polo exposto, o grupo parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta a:

- 1 - Garantir a estabilidade da praza de pediatría no centro de saúde de Chantada, con consulta 5 días á semana.
- 2 - Diseñar un plan para garantir a medio e longo prazo a estabilidade das prazas de pediatría na Atención Primaria e Especializada da área sanitaria de Monforte, así como a cobertura das baixas das profesionais.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Eva Solla Fernández

Luís Villares Naveira

Deputadas e voceiro do G.P. de En Marea.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/07/2017 16:30**  
**Nº Rexistro: 12301**  
Data envío: 12/07/2017 14:22:37.669



**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 12/07/2017 14:20:46**

**Eva Solla Fernández na data 12/07/2017 14:20:54**

**Luis Villares Naveira na data 12/07/2017 14:21:03**